



## ACTA Nº 2022/1

### SESIÓN Ordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN

#### - Telemática. Aplicación ZOOM., venres 28 de xaneiro de 2022 -

No día de hoxe, ás 20:03 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, e a Sra Interventora, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESENCIALMENTE	TELEMATICAMENTE
ALCALDESA: MARGARITA LAMELA LOUZÁN	RUBÉN VILLAR AGULLEIRO
SECRETARIA: ROCÍO HERMIDA CANCELA	EMILIA TRILLO LOJO
INTERVENTORA: ROSA M <sup>a</sup> FERNÁNDEZ CANOSA	JUAN MANUEL BUITURÓN CARBALLO
	JUAN RAMÓN HERMIDA FANDIÑO

#### AUSENTES

##### (NON XUSTIFICAN AUSENCIA)

ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA  
AGUEDA DÍAZ MEJUTO  
MARIA VICTORIA AREAS POSE  
RAMÓN VIGO SAMBADE  
PILAR IGLESIAS LEMA  
CARMEN DÍAZ FREIRE  
SERXIO DOMÍNGUEZ LOURO  
CESAR PÉREZ MARTÍNEZ

#### INCIDENCIA

Na notificación da convocatoria plenaria, efectuada o 25 de xaneiro de 2022, figuraba expresamente:

**(...)Día:** venres 28 de xaneiro de 2022

**Hora:** 20:00

**Lugar:** Telemática. Aplicación ZOOM. Convocatoria programada para a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, habilitada a partir das 19.45 h.

Unirse á reunión Zoom a través do seguinte enlace:

<https://us02web.zoom.us/j/81569809466?pwd=aGQyM2RHT0c3ZnRjdi8xbzMrV3dQUt09>

ID de reunión: 815 6980 9466

Código de acceso: 972811

**Motivación:** Incidencia actual da Covid 19 e solicitude de voceiro de grupo político (email).(...)"

O Xoves, día 27 de xaneiro de 2022 ás 11:00 horas, remítese a todos os concelleiros/as un e-mail á dirección de correo facilitada, no que se indicaba:

"(...) Bos días, lémbrolles que o enlace para acceder a sesión plenaria, é o que se detalla a



continuación:

Convocatoria Pleno Ordinario 28 de xaneiro de 2022

Unirse a la reunión Zoom

<https://us02web.zoom.us/j/81569809466?pwd=aGQyM2RHT0c3ZnRjdi8xbzMrV3dQUt09>

ID de reunión: 815 6980 9466

Código de acceso: 972811

(...)"

Previamente o inicio da sesión plenaria, os concelleiros/as que figuran como ausentes na sesión, non se conectan o enlace facilitado, co cal procédese nese momento a invitar á sesión os referidos concelleiros/as, non incorporándose á mesma, a que subscribe chama telefónicamente ao voceiro do grupo político IXCee, non obtendo resposta, cando nese intre na pantalla, van aparecendo mensaxes de D. Ramón Vigo Sambade, D<sup>a</sup> Pilar Iglesias Lema e D<sup>a</sup> Carmen Díaz Freire, nos que se indica que se declina a reunión, detállase:



A continuación, conséntase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



## A. PARTE RESOLUTIVA

**1. Aprobación ope legis das actas das sesións anteriores (no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986), que se detallan:**

**I. Borrador da sesión celebrada o 26 de novembro de 2021**

Sométese á votación o borrador e resulta aprobado por unanimidades dos concelleiros/as asistentes á sesión (5).

**II. Borrador da sesión celebrada o 2 de decembro de 2021.**

Sométese á votación o borrador e resulta aprobado por unanimidades dos concelleiros/as asistentes á sesión (5).

**III. Borrador da sesión celebrada o 9 de decembro de 2021.**

Sométese á votación o borrador e resulta aprobado por unanimidades dos concelleiros/as asistentes á sesión (5).

**IV. Borrador da sesión celebrada o 26 de decembro de 2021.**

Sométese á votación o borrador e resulta aprobado por unanimidades dos concelleiros/as asistentes á sesión (5).

**DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E EMPREGO**

**2. Proposta da alcaldía relativa á declaración posto vacante RPTPL:"DIRECCIÓN-ASESORAMENTO PSICOLÓXICO CIM". CÓDIGO 05.03.01 POR XUBILACIÓN . EXPEDIENTE Nº: 2021/X999/000443.**

Considerando o seguinte:

"Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Presidencia, Benestar Social, Igualdade e Emprego o día luns 24 de xaneiro de 2022 emitíuse o seguinte **DITAME**:

**2. Proposta da alcaldía relativa á declaración posto vacante RPTPL:"DIRECCIÓN-ASESORAMENTO PSICOLÓXICO CIM". CÓDIGO 05.03.01 POR XUBILACIÓN . EXPEDIENTE Nº: 2021/X999/000443.**

Considerando a seguinte:

**"PROPOSTA ALCALDÍA  
EXPEDIENTE Nº:2021/X999/000443.**

**ASUNTO:** DECLARACIÓN POSTO VACANTE RPTPL: "DIRECCIÓN-ASESORAMENTO PSICOLÓXICO CIM". CÓDIGO 05.03.01 POR XUBILACIÓN .

Considerando a Relación de Postos de Traballado para persoal laboral deste Concello.

Visto que a persoa adscrita (laboral indefinida non fixa por Sentenza da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 24 de novembro de 2017, confirmatoria da ditada polo Xulgado do Social nº 2 da Coruña o día 13 de decembro de 2016) ao posto 05.03.01, consta a súa xubilación con efectos 23.12.2021.

Considerando que en data 10 de xaneiro de 2022, tivo lugar a MESA XERAL NEGOCIADORA, para tratar o asunto de referencia, acadando negociación positiva.

Por todo o exposto, **PROPOÑO** a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Declarar vacante a todos os efectos o seguinte posto da RPTPL:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



"DIRECCIÓN-ASESORAMENTO PSICOLÓXICO CIM". CÓDIGO 05.03.01

**SEGUNDO.**- Dar traslado do presente acordo aos Departamentos competentes.

Alcaldesa do Concello de Cee:

Margarita Lamela Louzán.

[DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE]."

**Sométese á votación a Proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 3 abstencións dos grupos políticos IXCee e BNG e 5 votos a favor dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.**

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA."

### INTERVENCIÓNS

Intervén a Sra alcaldesa e di que xa coñecen a proposta en relación a declaración de vacante da praza de psicóloga que se xubilou, houbo reunión coa mesa xeral negociadora, votaron a favor da declaración de vacante para sacar la praza.

### VOTACIÓNS

**Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada por unanimidade dos cinco concelleiros/as asistentes á sesión plenaria.**

### DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA E FACENDA

**3.Proposta da alcaldía relativa á Aprobación Plan Estratéxico de Subvencións 2022. EXPEDIENTE Nº: 2022/X999/000018.**

Considerando o seguinte:

"Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Economía e Facenda o día luns 24 de xaneiro de 2022 emitiuse o seguinte **DITAME**:

**"2.Proposta da alcaldía relativa á Aprobación Plan Estratéxico de Subvencións 2022. EXPEDIENTE Nº: 2022/X999/000018.**

Considerando a seguinte:

**"PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**ASUNTO:** Aprobación Plan Estratéxico de Subvencións 2022.

**EXPEDIENTE Nº:** 2022/X999/000018.

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, dada a necesidade de aprobación dun Plan estratéxico de subvencións é fixar as liñas de actuación no outorgamento das mesmas o que debe ser acorde cos principios reguladores da lei de subvencións, en uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente **PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN**, a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.**- Aprobación inicial do Plan Estratéxico de Subvencións 2022 que de seguido se detalla, de conformidade co artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local:

#### **" PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2022**

O artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, ten carácter básico, polo que todos os Concellos que pretendan outorgar subvencións deben aprobar o seu correspondente Plan Estratéxico de Subvencións.

Hai que ter en conta a disposición adicional décimo terceira da Lei 38/2003, de 17 de novembro, na que se establece que os Plans e programas relativos a políticas públicas que estean

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



previstas en Normas legais ou regulamentarias, terán a consideración de Plans Estratéxicos de Subvencións sempre que recollan o contido previsto no artigo 8.1 da Lei 38/2003.

En cumprimento do disposto na disposición final terceira da citada Lei, o Goberno aprobou o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e no prazo de seis meses a partir da súa entrada en vigor do mesmo (25 de outubro de 2006), os plans estratéxicos de subvencións ou dos plans e programas sectoriais vixentes adaptaranse ao establecido no mesmo.

A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, supón un paso máis no proceso de perfeccionamento e racionalización do sistema económico. Un dos principios que rexe a Lei é o da transparencia que, xunto coa gran variedade de instrumentos que se articulan na Lei, redundan de forma directa nun incremento dos niveis de eficacia e eficiencia na xestión do gasto público subvencional.

Neste sentido, una maior información acerca das subvencións fará posible eliminar as distorsións e interferencias que puidesen afectar o mercado, ademais de facilitar a complementariedade e coherencia das actuacións das distintas Administracións Públicas evitando calquera tipo de solapamento.

Para mellorar a eficacia, prevese na Lexislación que se proceda a elaborar un Plan Estratéxico de Subvencións [instrumento de organización das políticas públicas que ten como finalidade o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública], de carácter plurianual e con carácter previo ao nacemento das subvencións, coa finalidade de adecuar as necesidades a cubrir mediante as subvencións cos recursos dispoñibles; con carácter previo ao nacemento da subvención.

Por iso, este Concello aproba o Plan Estratéxico de Subvencións cuxo articulado figura a continuación.

## **Artigo 1.**

O establecemento de subvencións por este Concello durante o período 2022 axustarase ao previsto no presente Plan.

## **Artigo 2.**

O establecemento efectivo das subvencións previstas neste Plan requirirá a inclusión das consignacións correspondentes nos Orzamentos municipais de cada ano e a aprobación das Ordenanzas que conteñan as bases reguladoras da súa concesión.

## **Artigo 3**

O establecemento de subvencións queda supeditado ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, polo que as consignacións orzamentarias que se aproben e as bases reguladoras da súa concesión acomodaranse en cada momento a devanditos obxectivos.

## **Artigo 4**

A aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións non supón a xeración de dereito algún en favor dos potenciais beneficiarios, que non poderán esixir indemnización ou compensación algunha no caso de que o Plan non leve á práctica nos seus propios termos.

## **Artigo 5**

O Concello concederá subvencións a favor de persoas ou Entidades privadas coa finalidade de fomentar a realización de actividades de utilidade pública ou interese social ou para promover a consecución de fins públicos atribuídos á competencia local.

## **Artigo 6**

As materias que o Concello de Cee pretende subvencionar son as seguintes:

### **2022**

- Acción social: CARITAS DIOCESANA, emerxencias sociais, premios, libros e becas de comedor.



- Cultura: Fundación Fernando Blanco; Amigos da Xunqueria, Entroido...
- Deportes: asociacionismo deportivo, etc.

## Artigo 7

En materia de **acción social**, o Concello establecerá, durante o período de vixencia do Plan, as seguintes liñas de subvención:

### A) colectivos desfavorecidos:

a) **Obxectivos:** se pretende facer fronte á necesidade de emerxencia social para aqueles casos nos que se necesita unha resposta inmediata en situacións de clara necesidade de intervención inmediata mellorando a súa calidade de vida do usuario e perseguindo o obxectivo dunha integración laboral e social.

b) **Efectos pretendidos:** paliar emerxencias sociais.

c) **Costos previsibles:** 13.000€

d) **Financiamento:** O financiamento levará a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo cuarto dos Orzamentos

e) **Plan de acción:** colaboración coas distintas entidades que se financian e mediante a concesións de axudas de emerxencia social ou convocatorias de subvencións de necesidades previstas.

## Artigo 8

En materia de **cultura**, o Concello establecerá, durante o período de vixencia do Plan, as seguintes liñas de subvención:

### A) premios:

a) **Obxectivos:** Impulsar e achegar á poboación a creación artística a través de concursos

b) **Efectos pretendidos:** fomento da lectura e da cultura popular

d) **Costos previsibles:** 6.000€ para 2022

e) **Financiamento:** O financiamento levará a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo cuarto dos Orzamentos

f) **Plan de acción:** liñas de concursos.

### B) Museos

**Obxectivos:** Impulsar e achegar á poboación a creación artística e a cultura a través de dos museos

b) **Efectos pretendidos:** fomento da cultura popular e o arte

d) **Costos previsibles:** 18.000€ para 2022

e) **Financiamento:** O financiamento levará a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo cuarto dos Orzamentos

f) **Plan de acción:** colaboración no sostemento da colección- museo da Fundación Fernando Blanco en relación os gastos de natureza corrente.

### C) Ano Xubilar 2002/2023

**Obxectivos:** Impulsar o evento Ano Xubilar 2022/2023

b) **Efectos pretendidos:** fomento da cultura

d) **Costos previsibles:** pendente de determinar

e) **Financiamento:** O financiamento levará a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo cuarto dos Orzamentos

f) **Plan de acción:** colaboración no sostemento das actuacións do ano xubilar e a coroación da Virxe da Xunqueira

## Artigo 9

En materia de deportes, o Concello establecerá, durante o período de vixencia do Plan, as seguintes liñas de subvención:

### A) Fomento das Prácticas Deportivas:

a) **Obxectivos:** Favorecer a realización de actividades deportivas no Municipio, apoiar a todo



tipo de Entidades Públicas ou Privadas que programen ou realicen actividades de carácter deportivo, para a celebración de competicións ou eventos deportivos...

b) **Efectos pretendidos:** Financiar parte da adquisición do material deportivo e o gastos necesarios para a práctica do deporte no Municipio, o incremento de persoas que se inscriban nas diferentes Federacións deportivas, que se realice un maior número de competicións a nivel municipal, a realización de máis actividades e eventos deportivos no Municipio...

d) **Custos previsibles:** 18.100 para o 2022.

e) **Financiamento:** O financiamento levará a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo cuarto dos Orzamentos

f) **Plan de acción:** fomento do deporte mediante a colaboración con entidades que sen ánimo de lucro incentiven o deporte e a súa promoción.

g) na área de deportes destaca a entrega coma contraprestación para fomentar e favorecer o deporte, a menor cuantía a sufragar polos usuarios e a promoción deportiva a aportación con carácter de subvención á explotación a favor do concesionario da instalación da piscina municipal polo importe que resulte do resultado da explotación e cun importe máximo de 80.000€

### Artigo 10

O Concelleiro competente por razón da materia ou a Alcaldesa no seu caso efectuará o control do cumprimento do presente Plan durante o seu período de vixencia.

### Artigo 11

Finalizada a vixencia do Plan, antes da elaboración do seguinte a Alcaldesa deberá presentar ante o Pleno nunha Memoria na que se contemple, polo menos, o grao de cumprimento do Plan, a eficacia e eficiencia do outorgamento de subvencións na consecución dos obxectivos e efectos pretendidos e conclusións, con proposta de suxestións para a elaboración do seguinte Plan Estratéxico de Subvencións.

### **Anexos:**

- 1 Anexo de subvencións nominativas do Orzamento Municipal do Concello de Cee para 2022 dentro do orzamento prorrogado do 2020.

#### PROPOSTA ANEXO SUBVENCIONS 2022

##### • NOMINATIVAS 2022

PARTIDA	ENTIDADE	IMPORTE	DESTINO	CARÁCTER
230/489.00	Cáritas Diocesana de Santiago- Parroquia de Cee.	3.000	Convenio	Postpagable
340/489.00	Unión Club Cee	6.000	Convenio	Postpagable
340/489.00	ACB Costa da Morte	4.000	Convenio	Postpagable
340/489.00	Asociación Deportiva Olimpia Cee	2.500	Convenio	Postpagable
340/489.00	S.D Ameixenda	2.200	Convenio	Postpagable
340/489.00	Club Arte e Movemento	1.200	Convenio	Postpagable
340/489.00	Fútbol Sala Feminino Villa de Cee	2.200	Convenio	Postpagable
330/489.01	Fundación Fernando Blanco	18.000	Convenio	Prepagable
340/489.00	Atlético Pereiriña Fútbol Club ( G70111729)	0	Convenio	Postpagable
340/472.00	VIRAXES SL	80.000	Resultado da explotación.	Postpagable
330/489.01	Asociación de Amigos da Xunqueira ( G67767681)	0	Convenio	Postpagable

##### • EN CONCURRENCIA 2022

PARTIDA	ENTIDAD	IMPORTE	DESTINO
230/480.00	Segundo necesidades	5.000	emerxencias sociais



230/481.00	Sen especificar	5.000	Premios, libros etc becas comedor servizos sociais
330/481.00	Sen especificar	6.000	Premios de carnaval, campaña de lectura etc cultura

**SEGUNDO.** Expoñer ao público a Modificación, por prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, para efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

**TERCEIRO.** Considerar elevados a definitivos este acordo, no caso de que non se presente reclamación algunha.

**CUARTO.** Contra a aprobación definitiva da Modificación do Anexo de Subvencións, poderá interpoñerse directamente Recurso Contencioso na forma e prazos establecidos na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Asinado dixitalmente

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán.”

**Sométese á votación a Proposta da Alcaldía e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 3 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Mixto e 5 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.**

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.”

## INTERVENCIÓNS

Intervén a Sra alcaldesa e di que xa coñecen a proposta en relación a aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións para o ano 2022.

## VOTACIÓNS

**Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada por unanimidade dos cinco concelleiros/as asistentes á sesión plenaria.**

**4. Proposta da alcaldía relativa á aprobación do Anexo de Subvencións do orzamento para o exercicio 2022. EXPEDIENTE Nº: 2022/T002/000001.**

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Economía e Facenda o día luns 24 de xaneiro de 2022 emitíuse o seguinte **DITAME**:

**3. Proposta da alcaldía relatuva á aprobación do Anexo de Subvencións do orzamento para o exercicio 2022. EXPEDIENTE Nº: 2022/T002/000001.**

Considerando a seguinte:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**ASUNTO:** APROBACIÓN DO ANEXO DE SUBVENCIÓNS DO ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2022.





## EXPEDIENTE Nº: 2022/T002/000001

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, vista a tramitación que consta no expediente, así como o informe favorable emitido pola Intervención Municipal, **PROPOÑO** ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente o Anexo de Subvencións Nominativas do Orzamento do ano 2022, no seguinte sentido:

### PROPOSTA ANEXO SUBVENCIONS 2022

#### • NOMINATIVAS 2022

PARTIDA	ENTIDADE	IMPORTE	DESTINO	CARÁCTER
230/489.00	Cáritas Diocesana de Santiago- Parroquia de Cee.	3.000	Convenio	Postpagable
340/489.00	Unión Club Cee	6.000	Convenio	Postpagable
340/489.00	ACB Costa da Morte	4.000	Convenio	Postpagable
340/489.00	Asociación Deportiva Olimpia Cee	2.500	Convenio	Postpagable
340/489.00	S.D Ameixenda	2.200	Convenio	Postpagable
340/489.00	Club Arte e Movemento	1.200	Convenio	Postpagable
340/489.00	Fútbol Sala Feminino Villa de Cee	2.200	Convenio	Postpagable
330/489.01	Fundación Fernando Blanco	18.000	Convenio	Prepagable
340/489.00	Atlético Pereiriña Fútbol Club ( G70111729)	0	Convenio	Postpagable
340/472.00	VIRAXES SL	80.000	Resultado da explotación.	Postpagable
330/489.01	Asociación de Amigos da Xunqueira ( G67767681)	0	Convenio	Postpagable

#### • EN CONCURRENCIA 2022

PARTIDA	ENTIDAD	IMPORTE	DESTINO
230/480.00	Segundo necesidades	5.000	emerxencias sociais

230/481.00	Sen especificar	5.000	Premios, libros etc becas comedor servizos sociais
330/481.00	Sen especificar	6.000	Premios de carnaval, campaña de lectura etc cultura

**SEGUNDO.** Expoñer ao público a Modificación, por prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, para efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

**TERCEIRO.** Considerar elevados a definitivos este acordo, no caso de que non se presente reclamación algunha.

**CUARTO.** Contra a aprobación definitiva da Modificación do Anexo de Subvencións, poderá interpoñerse directamente Recurso Contencioso na forma e prazos establecidos na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Asinado dixitalmente

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán."

### **Sométese á votación a Proposta da Alcaldía e resulta ditaminada favorablemente no seguinte**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



**sentido: 3 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Mixto e 5 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.**

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA."

## INTERVENCIÓNS

Intervén a Sra alcaldesa e di que xa coñecen a proposta en relación as subvencións para o 2022.

## VOTACIÓNS

**Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada por unanimidade dos cinco concelleiros/as asistentes á sesión plenaria.**

**5.Proposta alcaldía relativa á Declaración de lesividade para o interese público dos actos administrativos: Resolución nº 266/2018 de data 3 de maio e Resolución alcaldía Nº 336/2018 de data 7 de xuño. EXPEDIENTE Nº: 2021/X999/000178.**

Considerando o seguinte Ditame:

"Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Economía e Facenda o día luns 24 de xaneiro de 2022 emitíuse o seguinte **DITAME**:

**"4. Proposta alcaldía relativa á Declaración de lesividade para o interese público dos actos administrativos: Resolución nº 266/2018 de data 3 de maio e Resolución alcaldía Nº 336/2018 de data 7 de xuño. EXPEDIENTE Nº: 2021/X999/000178.**

Considerando a seguinte:

### "PROPOSTA ALCALDÍA

**ASUNTO:** Declaración de lesividade para o interese público dos actos administrativos: Resolución nº 266/2018 de data 3 de maio e Resolución alcaldía Nº 336/2018 de data 7 de xuño.  
**EXPEDIENTE Nº:** 2021/X999/000178.

Considerando que en data 23 de novembro de 2021, se ditou Resolución da Alcaldía desta Entidade Local, con número 1191/2021 que literalmente se transcribe:

### "RESOLUCIÓN

*ASUNTO: INCOACIÓN PROCEDIMENTO PARA DECLARACIÓN DE LESIVIDADE DOS ACTOS ADMINISTRATIVOS: RESOLUCIÓN ALCALDÍA Nº 266/2018 DE DATA 3 DE MAIO E RESOLUCIÓN ALCALDÍA E Nº 336/2018 DE DATA 7 DE XUÑO.*

**EXPEDIENTE DECRETO:** 2021/G003/001283

### ANTECEDENTES:

**Resultando** que por Resolución da Alcaldía desta Entidade Local, o 03-05-2018, ditou a resolución con número 266/2018, que resolve:

*"(...) 1º.- Levantar o reparo suspensivo que consta no informe da Intervención municipal, de data 25/04/2018, co fin de que a entidade solicitante poida facer fronte ás obrigas contraídas con terceiros e paliar o prexuízo que está a sufrir a Asociación polo impago das facturas das festas patronais dos exercicios 2015/2016.*

*2º.- Ordenar o aboamento á entidade Asociación Cultural Pro Xunqueira, con CIF G70333406, da*



subvención nominativa prepagable, polo importe de 57.484,50 €, para o pagamento dos gastos de exercicios anteriores, motivados pola festa da Xunqueira dos exercicios 2015 e 2016.

3º.- A xustificación dos fondos pola entidade beneficiaria debe realizarse nos tres meses seguintes ao aboamento destes e de forma inescusable antes do 31 de decembro na forma e cos requisitos que a lei de subvencións determina. O incumprimento destas obrigas dará lugar ó inicio dun expediente de reintegro dos fondos e no último caso á incautación do aval presentado polo que se insta a observar una especial dilixencia na correcta xustificación dos mesmos.

4º.- Antes de proceder ao aboamento da subvención antedita a Tesourería Municipal debe comprobar que a entidade beneficiaria está ao corrente das súas obrigas tributarias e ca seguridade social e calquera acto que impida o pagamento formal da mesma. (...)"

**Considerando** que por Resolución da Alcaldía desta Entidade Local, o 07-06-2018, ditou a resolución con número 336/2018 que resolve:

"(...) 1º.- Levantar o reparo suspensivo que consta no informe da Intervención municipal, en base ás consideracións expostas nos antecedentes da presente resolución.

2º.- Aprobar a xustificación do gasto, polo importe de 57.484,50 €, presentada pola Asociación Cultural Pro Xunqueira, con CIF G70333406, correspondente á subvención prepagable que lle foi concedida por acordo do pleno do Concello, de data 05/04/2018, para o pagamento das facturas correspondentes á celebración das festas patronais da Xunqueira dos exercicios 2015 e 2016.

3º.- Devolverlle á Asociación Cultural Pro Xunqueira o aval bancario da entidade Abanca, inscrito no Rexistro Especial de Avais co nº 367.154, constituído por importe de 57.484,50 €. (...)"

**Considerando** o informe emitido pola Intervención Xeral e Xestión Económico Financeira da Deputación Provincial da Coruña, con NRE 20219000006251 de data 3 de novembro, que literalmente di:

"ASUNTO: INFORME DE CONTROL FINANCEIRO

EXPEDIENTE: CEE PA 1/2021

SUBTEL: 2021000024626

ENTIDADE BENEFICIARIA: ASOCIACIÓN CULTURAL PRO XUNQUEIRA

CIF: G70333406

TRÁMITE: INFORME DE ACTUACIÓNS E SUSPENSIÓN DO PROCEDEMENTO

Ao abeiro do disposto no artigo 49.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 47.3 da LSG aplicando metodoloxicamente as Normas de auditoría do sector público (B.O.E. do 30 de setembro de 1998) e no exercicio da competencia delegada polo CONCELLO DE CEE, segundo o acordo do seu Pleno adoptado na sesión que tivo lugar o 30 de xullo de 2020 (BOP núm. 168, do 30 de outubro de 2020) e aceptada polo Pleno da DEPUTACIÓN DA CORUÑA na sesión que tivo lugar o 30 de novembro de 2020 (D.O.G. 31 de decembro de 2020) , emítase INFORME DE ACTUACIÓNS DE CONTROL FINANCEIRO E SUSPENSIÓN DE PROCEDEMENTO, consonte aos seguintes:

## I. CONSIDERACIÓN PRELIMINAR.

Dándolle cumprimento á delegación conferida polo Concello de Cee e aceptada por esta Deputación, con data de 16 de abril de 2021 o Interventor xeral aprobou o Plan de control financeiro de 2021



respecto das subvencións pagadas polo Concello de Cee no exercicio 2018 (expediente 2021000023815).

Realizada a correspondente mostraxe sobre a listaxe de todas as subvencións pagadas polo Concello de Cee en dito exercicio 2018, resultou seleccionada na mostra a pagada á ASOCIACIÓN CULTURAL PRO XUNQUEIRA (G70333406), por importe de 57.484,00 euros (diligencia de escolla por sorteo do día 20 de abril de 2021).

## II. ANTECEDENTES

**PRIMEIRO.-** Con data de 11 setembro de 2017 (Rexistro de entrada nº 3820) DON FRANCISCO BREA BEIRO, actuando na condición de presidente e representante legal da entidade ASOCIACIÓN CULTURAL PRO XUNQUEIRA (G70333406) presentou un escrito perante a Alcaldía do CONCELLO DE CEE, no que solicitaba que se concedera unha subvención nominativa a prol daquela entidade asociativa por importe de 57.484,50 euros, para aplicar dito importe ao pagamento da débeda que dita entidade mantiña coa entidade mercantil GALICIA ESPECTÁCULO NEGREIRA, S.L., derivada dos espectáculos contratados para as festas da Xunqueira 2015, por importe de 7.874,50 euros, e das mesmas festas do ano 2016, por importe de 49.610,00 euros.

No escrito explicábase que a entidade carecía de fondos para facerlle fronte a ditos ingresos, dependendo do que achegaba o Concello de Cee, e que perante falla de pagamento, a empresa acreedora tiña procedido a emprender accións legais contra a asociación e contra o propio presidente mediante a presentación dunha demanda de reclamación de cantidade polo importe adebedado. Perante tal situación, pedíalle ao Concello que emitira unha resolución na que indicase a forma e data aproximada de pago, facendo o necesario para o pagamento da débeda.

De xeito inmediato, DON RAMÓN VIGO SAMBADE, alcalde, remitiu un escrito de contestación (Rexistro de saída 3478, do 21 de setembro de 2017), no que manifestaba a intención do Goberno municipal de presentar perante o Pleno unha proposta de incremento da subvención nominativa que percibía a asociación polo importe adebedado, debendo ser aprobada polo Pleno e que, en todo caso, sería efectiva a partir do exercicio presupostario de xaneiro de 2018.

**SEGUNDO.-** Con data de 20 de setembro de 2017 (Rexistro de entrada 4065) o representante legal da entidade presentou solicitude da copia das facturas dos anos 2015 e 2016 xustificativas de gastos das Festas da Xunqueira. Posteriormente, mesmo interesado presentou un escrito no que da conta do ingreso de 23.006,00 euros procedente do Concello, en concepto de subvención das Festas patronais da Virxe da Xunqueira e que dito importe foi aplicado ao pagamento das facturas emitidas polas orquestras que actuaron nas festas de 2017, polo importe de 22.385,00 euros. Co escrito achegábase copia das facturas e dos pagamentos realizados.

**TERCEIRO.-** Nun novo escrito presentado o día 13 de decembro de 2017 (Rexistro de entrada 5.186, do 13 de decembro de 2017), a ASOCIACIÓN CULTURAL PRO-XUNQUEIRA, actuando a través do seu presidente, reiterou a información da débeda que se mantiña coa empresa de espectáculos, achegando copia das facturas e do escrito referido no antecedente primeiro asinado polo titular da Alcaldía, atribuíndolle dita asociación o carácter de "recoñecemento de débeda polo Concello de Cee".

**CUARTO.-** Dándolle cumprimento ao manifestado no escrito de 21 de setembro de 2017, xa con data de 15 de xaneiro de 2018, a Alcaldía ditou unha providencia polo que se propoñía a creación dunha subvención nominativa prepagable a favor ASOCIACIÓN CULTURAL PRO-XUNQUEIRA, polo importe de 57.484,50 euros, "con destino a paliar o prexuízo que dita asociación sofre polo impago das facturas correspondentes á celebración das festas patronais dos exercicios 2015 e 2016".

A proposta foi sometida ao informe do órgano interventor municipal, documento no que a funcionaria titular, logo de explicar os trámites a seguir para a modificación do anexo de subvencións nominativas do orzamento de 2016 prorrogado para 2018, advirte dos diversos informes de desconformidade sobre a xestión das festas da Xunqueira e manifesta que de forma clara que "non está entre as competencias municipais obrigatorias a de asumir o déficit de todas as entidades municipais que ó longo do tempo e das diversas actividades que se prestan se veñan realizando xa que pode dar lugar

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



a imposibilidade do Concello de facerlles fronte". A conclusión do informe resultou desfavorable á modificación do orzamento, e sen prexuízo da fiscalización posterior no momento da execución do gasto.

QUINTO.- Malia o informe de desconformidade, o Pleno da Corporación, logo do ditame favorable da comisión informativa de Economía e facenda, aprobou inicialmente a modificación do anexo de subvencións nominativas do orzamento prorrogado para 2018 (sesión que tivo lugar o día 7 de febreiro de 2018). O expediente foi exposto ao público e no seguinte período recibíuse unha reclamación na que se alertaba do incumprimento do principio de imputación temporal de gastos establecido no artigo 176 TRLRFL e outras consideracións.

Á vista da alegación presentada, a Alcaldía emitiu unha proposta para a súa desestimación e de novo volve emitir informe o órgano interventor municipal, facendo constar repetidamente a súa desconformidade coa aprobación da subvención.

Vista a reclamación e o informe preceptivo do órgano interventor, logo do ditame da Comisión informativa de Economía e Facenda, o Pleno da Corporación, na sesión que tivo lugar o día 27 de marzo de 2018, aprobou definitivamente a modificación do anexo de subvencións nominativas do orzamento prorrogado, acordando crear unha subvención nominativa prepagable de 57.484,50 euros a favor da Asociación cultural Pro Xunqueira e con destino a paliar o prexuízo que sufría dita asociación polo impago das facturas correspondentes á celebración das festas patronais dos exercicios 2015-2016.

SEXTO.- Logo de notificarse o acordo de aprobación definitiva do expediente, a asociación, actuando a través do seu representante legal, presentou un escrito con data de 23 de abril de 2018 (Registro de entrada nº 1527) co que achegaba o aval bancario para garantir o importe da subvención, certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade social e demais documentación esixida para cobrar o importe da subvención aprobada.

Remitada a documentación ao órgano interventor, emitiuse pola funcionaria titular o preceptivo informe no que, logo de reiterar as anomalías postas de manifesto nos informes anteriores, pola imposibilidade de poder comprobar o correcto financiamento da actividade subvencionada, incumprimento do principio de imputación temporal dos gastos e pola inexistencia de plan estratéxico de subvencións, concluíuse coa desconformidade e reparo suspensivo do expediente.

Con coñecemento e á vista do reparo formulado, a Alcaldía-Presidentencia ditou unha resolución pola que, logo de levantar o reparo do órgano interventor, ordeou o aboamento da subvención á entidade beneficiaria polo importe de 57.484,50 euros. Ao darlle á mesma o carácter de prepagable, concedíase á beneficiaria un prazo de tres meses para a xustificación da aplicación dos fondos.

O aboamento da subvención foi executado mediante transferencia bancaria realizada o día 8 de maio de 20182 .

SÉTIMO.- De inmediato, con data de 10 de maio de 2018, a entidade beneficiaria presentou un escrito achegando os xustificantes bancarios que acreditaban o pagamento das facturas emitidas o 14 de novembro de 2017 pola entidade mercantil GALICIA ESPECTÁCULO DE NEGREIRA, SL, polo importe de 7.874,50 euros (factura 2017/112, cantidade pendente das festas de Xunqueira de Cee de 2015) e 49.610,00 euros (factura 2017/113, festas da Xunqueira de Cee do 2016).

A conta xustificativa foi informada polo órgano interventor municipal, que de novo concluíu coa desconformidade e reparo suspensivo, reiterando informes anteriores e alertando que o importe que se pagou con respecto á entidade mercantil referida anteriormente non coincidía co contrato asinado, pois xa na conta xustificativa da subvención concedida o ano 2016 existía unha factura de 27.327,85



euros, polo que só quedarían pendentes de pago 22.282,15 euros.

Con coñecemento do informe de desconformidade, con data de 6 de xuño de 2018, a Alcaldía ditou unha resolución levantando o reparo suspensivo e aprobando a conta xustificativa presentada, coa devolución do aval á entidade beneficiaria, a quen se lle notificou o contido da mesma.

### III. LEXISLACIÓN APLICABLE.

Constitución española de 1978.

Lei orgánica 2/1982m de 12 de maio, do Tribunal de Contas, complementada pola Lei 7/1988, do seu funcionamento.

Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRLRFL).

Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS)

Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galiza (LSG).

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

R.D. 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da lei 38/2003 xeral de subvencións (RLXS). Real decreto 424/2017, de 27 de abril, polo que se aproba o réxime xurídico do control interno das entidades que conforman o sector público local (RCIL)

Normas de auditoría do sector público, aprobadas por Resolución da IGAE de 14 de febreiro de 1997 e publicadas no B.O.E. 230 do 30 de setembro de 1998.

Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación (BOP do 10 de agosto de 2021).

### IV. ACTUACIÓNS E COMPROBACIÓNS REALIZADAS.

**PRIMEIRA.**- Remitidos polo órgano interventor municipal os expedientes seleccionados, con data de 16 de agosto de 2021 foi emitida a comunicación de inicio do expediente á ASOCIACIÓN CULTURAL PRO XUNQUEIRA DE CEE. Logo de dous intentos fallidos, a notificación foi recibida polo representante legal de entidade, DON FRANCISCO BREA BEIRO, o día 1 de outubro de 2021.

**SEGUNDA.**- Dentro do prazo de quince días hábiles conferido para o efecto, a entidade beneficiaria achegou a documentación que se enumera deseguido coa constancia da análise e verificación por parte do funcionario actuante:

1. Cartelería das festas 2015-2016: carteis das festas de 2015 e de 2016, co programa detallado de actos. Consta o escudo do Concello de Cee.
2. Presentación en redes sociais do cartel das festas da Xunqueira de 2016. Consta o escudo do Concello de Cee.
3. Cartel das festas de 2017: con afecta ao obxecto destas actuacións.
4. Outro cartel de festas, no que non se aprecia o ano (pode corresponder ás de 2015, ao citarse o domingo, 16 agosto). Consta o escudo do Concello de Cee.
5. Publicación no blog "Turismo de Galicia" do Programa das festas de 2015.
6. Documento titulado "Contrato de compromiso artístico", con data de 27 de xullo de 2015, no que figuran como partes a Asociación cultural Pro Xunqueira, representada polo seu presidente, e a entidade mercantil Galicia espectáculo. Figuran os nomes das orquestras e o día da actuación do ano 2015, co importe que lle corresponde a actuación, sumando un total de 58.000 euros máis IVE. Non



constan as sinaturas dos representantes das partes contratantes.

7. Contrato de compromiso artístico, asinado o día 13 de xuño de 2016, entre a Asociación cultural Pro Xunqueira, representada polo seu presidente, e a entidade mercantil Galicia Espectáculo Negreira, SL, no que figuran o nome das orquestras e o día de actuación no ano 2016, así como o prezo unitario de cada actuación. O importe das actuacións suma 41.000 euros máis o IVE correspondente.

8. Documento titulado "Cuentas asociación cultural Pro Xunqueira". Non está asinado. Consta de catro páxinas, figurando en cada unha delas o resumo de ingresos e gastos de cada exercicio, cos seguintes resultados:

Año 2015: - 50.687,77 . Constan entre os ingresos a subvención do Concello por importe de 20.000 euros.

Año 2016: - 6.747,17 . Constan entre os ingresos as subvencións do Concello por importe de 65.219 euros.

Año 2017: 156,17 euros. Non afecta ao obxecto deste control.

Año 2018: Equilibrio de ingresos e gastos por importe de 58.812,00 euros, logo do ingreso por parte do Concello da subvención de 57.484,00 euros e pagamento das facturas emitidas pola entidade mercantil Espectáculo Galicia, SL.

9. Extracto de movementos da conta corrente 304-0022-002140-2, dende o día 22 de maio de 2012 ata o día 09-01-2015, no que se cancela, polo que non afecta ao obxecto deste control financeiro. Seguidamente aparece o listaxe de movementos da conta corrente 304-0022-00230-2, dende o 29 de xullo de 2015 (data de apertura) ata o día 28 de xullo de 2017. Entre outras operacións, figuran ingresos das subvencións municipais de 2015 (20.000,00 euros ingresados o día 14 de agosto de 2015) e 2016 (ingreso de 11.500,00 euros ingresados o día 4 de xaneiro de 2016, ingreso de 23.179,00 o día 24 de novembro de 2016).

10. Libro de actas da Asociación cultural Pro Xunqueira, que consta de 22 páxinas. Do contido que interesa a este expediente (acordos adoptados a partir do día 1 de xaneiro de 2015), poden resaltarse os seguintes:

Na acta correspondente á sesión da Xunta directiva que tivo lugar o día 10 de agosto de 2015, consta o seguinte texto: "Acórdase por unanimidade aceptar a proposta referida ás orquestras que actuarán nas Festas da Xunqueira cuxo importe ascende a 58.000 euros. O pago desta cantidade será por conta do Concello".

Na acta da sesión da Xunta directiva que tivo lugar o 20 de setembro de 2017 (posteriormente faise constar que o órgano que mantivo dita sesión foi a Asemblea xeral, reunida con carácter extraordinario) acordouse a renovación do cargo de presidente de Don Francisco Manuel Brea Beiro. Na acta correspondente á sesión da Xunta directiva que tivo lugar o día 24 de outubro de 2017 fíxose transcripción das contas de 2015, 2016. Infórmase de que o déficit de ditos exercicios corresponde a débeda que se mantiña naquel momento coa entidade mercantil Galicia Espectáculo Negreira, por importe de 57.434 euros.

Na acta correspondente á sesión da Xunta directiva que tivo lugar o día 8 de maio de 2018 dase conta da aplicación da subvención concedida polo Concello de Cee ao pagamento da débeda contraída coa entidade mercantil Galicia Espectáculo Negreira, SL, quedando saldada a mesma.



Na acta da sesión de 19 de xuño de 2018 quedaron transcritas as contas de 2018, segundo se reflectiron no punto 8 anterior.

A Xunta directiva, na sesión que tivo lugar o día 20 de xuño de 2018, acordou a disolución da asociación, encargando á secretaria para que levase a cabo as xestións necesarias para tal fin.

11. Solicitude de disolución da Asociación cultural Pro Xunqueira presentada perante o rexistro de asociacións da Xunta de Comunidade autónoma de Galicia e documentación complementaria.

12. Copia do DNI de Don Francisco Manuel Brea Beiro, quen foi presidente da entidade e achegou a documentación ao presente expediente.

V. RESULTADOS DO TRABALLO: FUNDAMENTO DA OPINIÓN DESCONFORME E CONCLUSIÓN.  
A. FUNDAMENTO DA OPINIÓN DESCONFORME.

PRIMEIRO.- A desnaturalización do concepto de subvención: o pagamento dunha débeda non pode ser obxecto subvencionable.

De conformidade co disposto no artigo 2.1 da LXS -e precepto de idéntica redacción da LSG-, a subvención é unha achega en diñeiro e sen contraprestación, cuxa natureza se fundamenta no cumprimento dun determinado obxectivo, comportamento, proxecto ou actividade, sempre que dita finalidade teña unha utilidade pública ou un interese social.

Para que dita achega produza o efecto de pulo da actividade fomentada, a solicitude e conseguinte acto de concesión teñen que ser previos ou, cando menos, simultáneos á execución da actividade ou proxecto, aínda que o pagamento ou acto material da entrega do diñeiro poida ser realizado nun momento posterior, tal como permite a dicción literal do artigo que se está a comentar. Pois que a actividade ou proxecto estean "xa realizados ou por realizar" é unha aclaración coa que o Lexislador está a recoñecer a posibilidade de que as subvencións sexan pre-pagábeis (a achega de diñeiro prodúcese antes da realización da actividade, xerándolle a entidade a liquidez necesaria para o pagamento a provedores), ou ben sexan pos-pagabéis, de xeito que a achega de diñeiro se produza unha vez realizada a actividade.

Alternativamente, acollerse á interpretación de que esta locución adxectiva que predica o Lexislador respecto da temporalidade da acción subvencionada permitiría á administración que que unha subvención poidera ser "creada" (expresión que utilizou o Concello de Cee ao modificar o anexo de subvencións do orzamento) ou concedida unha vez executada completamente a actividade e liquidada economicamente a mesma, anularía completamente o requisito da letra c) do artigo 2.1 LXS (que a actividade ou proxecto teña por obxecto o "fomento" dunha actividade de "utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública", pois a realidade non permite o fomento ou a promoción retrospectivos. Por outra banda, tal esexese permitiría que a administración poidera asumir as perdas da acción subvencionada, mesmo nun exercicio orzamentario posterior, conculcándose así o principio de imputación temporal dos gastos, -infracción na que, por certo, incorreu o Concello de Cee e foi advertida repetidamente polo órgano interventor municipal.

Só no respecto a este marco conceptual exposto se pode incardinar a acción de fomento da administración pública, entendida coma unha promoción das actividades ou establecementos xerados pola iniciativa particular, mais sen crear servizos públicos, isto é, mantendo a titularidade privada de dita acción. E de ningún xeito pode ter acomodo en tal concepto o acordo polo que unha administración, neste caso o CONCELLO DE CEE, asume destinar fondos públicos e transferilos a unha entidade privada para que esta proceda a saldar unha débeda contraída no desenvolvemento

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)





*dunhas actividades festivas, por máis que as mesmas tiveran producido un efecto de interese social, pois non está entre as competencias municipais nin existe ningunha habilitación legal expresa para esta aplicación de fondos, polo que se ha de entender vedada para a administración, na vinculación positiva que esta ten ao Principio de legalidade en toda a súa actuación (artigo 103.1 CE, artigo 3.1 LRXSP).*

*Esta reflexión sobre o carácter impropio do gasto asumido polo Concello xa foi posto de manifesto no expediente tramitado para o efecto no informe desfavorable do órgano interventor á modificación orzamentaria do anexo de subvencións nominativas, manifestándose expresamente que*

*“Esta intervención considera que non está entre as competencias municipais obrigatorias a de asumir o déficit de todas as entidades municipais que ó longo do tempo e das diversas actividades que se presten se veñen realizando xa que pode dar lugar á imposibilidade do Concello de facerlles fronte” 3 . Asemade, considerando formalmente que a achega poidera ser unha subvención, dito órgano advirte do incumprimento do principio de imputación temporal dos gastos, ao habilitar con tal modificación orzamentaria a posibilidade de imputar ao orzamento de 2018 gastos correspondentes a exercicios anteriores, non estando este suposto entre as excepcións previstas no artigo 176.2 TRLRFL.*

*Xa que logo, ao non ter cabida no concepto de subvención o gasto que xestionou e aplicou o Concello de Cee, mesmo téndose conculcado o principio orzamentario de imputación temporal, o pagamento resultaría indebido e non tería que terse producido.*

*SEGUNDO.- A lesividade dos acordos adoptados para o interese público. A posible esixencia de responsabilidade contable.*

*Analizado o expediente remitido polo Concello, constátase que malia aos sucesivos informes desfavorábeis e mesmo de reparo emitidos polo órgano interventor municipal (informe desfavorábel con motivo da aprobación inicial, informe desfavorábel á aprobación definitiva, vistas as alegacións presentadas, informe de reparo á solicitude de subvención emitido o día 25 de abril de 2018) a Alcaldía procedeu a dítar unha resolución pola que, logo de levantar o reparo suspensivo, se ordenaba o pagamento á entidade asociativa do importe de 57.484,50 euros, sendo materializado o mesmo mediante transferencia bancaria realizada o día 8 de maio de 20184 .*

*Unha vez recibidos os fondos, a entidade asociativa beneficiaria procedeu na mesma data a realizar o pagamento das dúas facturas expedidas pola entidade mercantil GALICIA ESPECTÁCULO DE NEGREIRA, SL., polos expresados importes de 49.610 e 7.874,50 euros5 . Seguidamente, presentou os documentos xustificativos no Rexistro xeral do Concello6 , achegando asemade outro escrito no que se solicita do Concello que se reintegre á asociación o importe de 1.289,22 euros, correspondentes aos gastos de notaría e aval bancario.*

*A conta xustificativa foi informada desfavorablemente polo órgano interventor municipal, emitíndose un detallado informe no que se puxeron de manifesto graves deficiencias na documentación achegada pola entidade asociativa no tocante ás subvencións concedidas e pagadas nos exercicios 2015 e 2016 (a xustificación destas subvencións non é obxecto deste control financeiro), ao non terse constancia de determinados ingresos nin da regularidade de todos os gastos e todos os ingresos. Asemade lembrábase a necesidade de formular convenios de colaboración coas entidades beneficiarias das subvencións nominativas. Polo exposto, emitiu informe de desconformidade con reparo suspensivo. Mais sen atender ao exposto no informe e sen requirir que se corruxiran as deficiencias apreciadas polo órgano interventor, a Alcaldía entendeu que a finalidade da pretendida subvención estaba debidamente acreditada coa presentación das dúas facturas a cuxo pagamento foi aplicado o seu*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



*importe, polo que dispuxo o levantamento do reparo, dando por debidamente xustificada a subvención e acordando a devolución do aval á entidade asociativa.*

*A resolución ditada foille notificada á entidade, rematándose así o expediente. Ao entender do funcionario actuante, as actuacións administrativas que se veñen de relatar, foron gravemente lesivas para o interese municipal, ao terse disposto efectivamente de fondos públicos por importe de 57.484,50 euros con posibles infraccións do ordenamento xurídico aplicable, a saber:*

- A configuración como subvención dunha achega de fondos que non ten tal carácter, tal como se explicou xa no fundamento de opinión anterior. Como vén explica o órgano interventor municipal nos seus informes, o Concello non pode asumir nin facer súa a débeda das entidades privadas, por moito que a súa actividade sexa de interese municipal. Neste caso, ademais, xa o Concello asumira o financiamento de parte dos gastos para o desenvolvemento das festas nos anos 2015 e 2016 concedendo e pagando as correspondentes subvencións, polos importes previamente fixados no anexo de subvencións á entidade asociativa encargada da organización das festas. Non existe previsión ningunha na LXS nin na LSG para proceder a incrementar o importe dunha subvención unha vez realizada a actividade e en función do resultado económico producido, pois tal regulación sería evidentemente contraria aos principios máis elementais que regulan o gasto público.*
- A realización do pagamento da pretendida subvención sen a aprobación previa dun convenio no que se regulasen e se establecesen as obrigas da entidade beneficiaria, especialmente no tocante á declaración doutros ingresos, públicos ou privados, que se poideron obter para a mesma finalidade. Esta esixencia procedimental está prevista no artigo 28.1 LXS e 26 da LSG*
- A aprobación da conta xustificativa presentada sen que se tivesen emendado as graves deficiencias postas de manifesto no informe emitido polo órgano interventor municipal. En dito informe de desconformidade e con reparo suspensivo<sup>7</sup> advertiuse de que coa xustificación da subvención pos-pagable de 2016, a entidade achegara unha factura de 27.327,85 euros, sen que constara máis contrato que o asinado polo importe de 49.610 euros, polo que restaría só por pagar 22.282,15 euros e non o que se factura. Por outra banda, con respecto á conta xustificativa do ano 2015, púxose de manifesto a falla dun ingreso de 3.000 euros polo liquidación dos coches de choque. Asemade apreciouse unha diferenza con respecto á subvención que se fixo constar en contas (23.006 euros) e a efectivamente pagada polo Concello (23.719 euros).*

*Con todo, nos incumprimentos e irregularidades que se veñen de expor, non se aprecia causa de reintegro das previstas no artigo 37.1 LXS, nin conduta infractora ningunha por parte da entidade asociativa receptora dos fondos públicos, que se limitou a cumprir coas condicións impostas polo Concello, dándolle o destino previsto aos fondos e xustificalo documentalmente. Mesmo non tivo oportunidade de aclarar as eivas postas de manifesto polo órgano interventor con respecto ás contas de 2015 e 2016, ao non ser requirida para tal fin. Polo que unha vez cumprida a obriga de aplicar os fondos recibidos ao pagamento das facturas emitidas pola entidade mercantil acreedora, acordou a súa disolución, instando a baixa no rexistro de asociacións da Comunidade autónoma de Galicia.*

*Así as cousas, os vicios apreciados só poden atribuírse á actuación administrativa, mesmo ao terse aprobado a modificación orzamentaria improcedente, pero sobre todo ditando logo as resolucións de pagamento e aprobación da conta xustificativa, malia a existencia de claros*



*informes de reparo polo órgano interventor municipal (a modificación orzamentaria en si mesma sería inocua de terse observado pola Alcaldía estes ditos informes, pois a modificación é un acto de planificación, que non crea dereito subxectivo ningún).*

*Atopámonos, xa que logo, con actos administrativos firmes, pois tanto a resolución pola que se aprobou o pagamento coma a posterior que aprobou a xustificación, ao teren producido efectos favorable para a entidade interesada, só poden anularse acudindo a un dos procedementos de revisión de oficio previstos na LPACAP, parecendo máis axeitado para este caso o regulado no artigo 107, requiríndose a previa declaración da lesividade para os intereses públicos municipais das resolucións adoptadas, valoración que lle corresponde realizar ao Pleno da Corporación.*

*No caso que se decida incoar dito procedemento, no expediente que se tramite para o efecto deberá darse audiencia ás persoas interesadas no expediente. De acordarse polo Pleno a lesividade, deberán impugnarse posteriormente os actos perante a xurisdición contencioso-administrativa, para que sexa un órgano do Poder xudicial o que decida definitivamente sobre a validez ou non da actuación administrativa.*

*Mais, sen prexuízo de que o procedemento exposto poida servir para revisar e, no seu caso, deixar sen efecto os actos administrativos posiblemente viciados e contrarios ao interese público que teñen producido efectos favorables para terceiros, o certo é que a recuperación dos fondos dispostos para a tesourería municipal, corrixindo así o posible quebranto económico, só vai a ser posible mediante o exercicio dunha acción de responsabilidade contable contra a persoa responsable dos actos administrativos de ordenar o aboamento polo importe de 57.484,50 euros e, posteriormente, dar por xustificada a súa aplicación, ao ter podido incorrer nun suposto de responsabilidade contable.*

*Efectivamente, pode resultar de aplicación aos feitos acaecidos o disposto no artigo 38 da Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, do Tribunal de Contas, do seguinte teor literal :*

*“El que por acción u omisión contraria a la Ley originare el menoscabo de los caudales o efectos públicos, quedará obligado a la indemnización de los daños y perjuicios causados”. Este precepto, xuntamente co disposto nos artigos 2.b) e 15 do mesmo corpo legal e tamén o artigo 49 da Lei 7/1988 de funcionamento do Tribunal de Contas, teñen sido interpretados pola Sala de Xustiza de dito órgano constitucional, que ao resolver recursos de apelación interpostos contra as sentenzas de instancia, ten sistematizado os requisitos para apreciar a existencia de responsabilidade contable, a saber:*

- a) Que se teñan producido accións constitutivas dunha actividade de xestión de caudais ou efectos fondos públicos (neste caso téñense xestionado 57.484,00 euros polo Concello de Cee).*
- b) Que as accións de xestión teñan ou seu efecto contable (o pagamento daquel importe quedou asentado na contabilidade municipal).*
- c) Que se teña producido unha vulneración da normativa orzamentaria e contable. Neste caso apréciase a vulneración da LXS, da LSG e do artigo 176 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais (temporalidade dos créditos, imputación de gastos do propio exercicio).*
- d) Que a acción teña provocado un menoscabo do patrimonio público. No presente suposto, o menoscabo resultaría do pago presuntamente indebido de 57.484,00 euros.*



e) Que as actuacións poñan de manifesto unha conduta dolosa ou gravemente negligente. No caso que nos ocupa, o titular da Alcaldía coñecía e tiña a súa disposición os claros informes de desconformidade e con reparos do órgano interventor municipal.

f) Que entre dita conduta e o menoscabo producido exista unha relación de causalidade. Efectivamente, existe este nexos de unión ou causalidade, pois como xa se dixo, a observancia dos reparos do órgano interventor impediría o menoscabo do diñeiro público.

Ao apreciarse a posible existencia desta responsabilidade contable, tal como dispón o artigo 48.2 LXS (deberes do persoal controlador), ao funcionario actuante correspóndelle o deber de por feitos en coñecemento do órgano interventor competente, que neste caso, ao actuarse por delegación, é o órgano interventor municipal do Concello de Cee, ao que lle corresponderá no seu caso poñer os feitos en coñecemento do Tribunal de Contas, tal como dispón o artigo 5 do RCIL.

Sen prexuízo deste deber legal do órgano interventor, tamén o mesmo CONCELLO DE CEE pode exercer directamente a acción de responsabilidade contable, presentando a correspondente denuncia e, practicadas as actuacións previas, formular a demanda de procedemento ordinario.

## B. CONCLUSIÓNS.

**PRIMEIRA.-** Suspensión do procedemento de control financeiro e comunicación ao órgano concedente do vicio de nulidade apreciado.

Téndose apreciado a posible existencia dun vicio de nulidade nas resolucións adoptadas para ordenar o pagamento e dar por xustificadas en concepto de subvención o importe de 57.484,50 euros, non existindo ningunha das causas de reintegro das previstas no artigo 37.1 LXS, acórdase a suspensión do procedemento e o traslado deste informe á Alcaldía do Concello de CEE, para o efecto de que, no seu caso, se incoe un procedemento de revisión de oficio de ditas resolucións, mediante a súa declaración de lesividade para os intereses municipais e ulterior impugnación perante a xurisdicción contencioso-administrativa.

Do contido do acordo que se dite deberá darse coñecemento a este órgano interventor. No caso de que se leven a cabo as actuacións indicadas, non procederá retomar as actuacións de control ata que exista unha sentenza xudicial firme, debendo atere este órgano ao que dispoña o seu fallo.

**SEGUNDA.-** A posible existencia de responsabilidade contable. A comunicación do informe ao órgano interventor municipal do CONCELLO DE CEE.

Apreciándose asemade a posible existencia de feitos que poideran ser susceptibles de seren constitutivos de responsabilidade contable, o presente informe remítese ao órgano interventor municipal do Concello de Cee, para o efecto de que en cumprimento do disposto no artigo 5.1 do RCIL, poida poñelo en coñecemento da Fiscalía do Tribunal de Contas, para que por parte deste órgano se poida formalizar denuncia e instar actuacións previas dun procedemento de reintegro por alcance nos fondos públicos.

Sen prexuízo de que o órgano interventor cumpra co seu deber legal, o mesmo CONCELLO DE CEE está plenamente lexitimado para presentar denuncia e, logo das actuacións previas que se tramiten, comparecer, no caso de que as mesmas rematen cunha liquidación provisional do alcance, comparecer logo como demandante no procedemento ordinario de reintegro por alcance que poida incoarse.

Asemade, de conformidade co disposto no artigo 49.3 LXS e no 47.3 LSG, o presente informe debe



notificarse á entidade beneficiaria.

A Coruña, 3 de novembro de 2021.

O interventor adxunto, Juan Bautista Suárez Ramos."

**Resultando** o informe emitido pola Secretaria e Interventora municipal en data 17 de novembro de 2021, que literalmente se transcribe:

"INFORME CONXUNTO DE SECRETARÍA E INTERVENCIÓN  
ASUNTO: DECLARACIÓN DE LESIVIDADE  
EXPEDIENTE Nº: 2021/X999/000178

Rocío Hermida Cancela, Secretaria do Concello de Cee e Rosa M.<sup>a</sup> Fernández Canosa, Interventora do Concello de Cee, en cumprimento, respectivamente do establecido no artigo 3.d.3º) e artigo 4 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emítase o seguinte, **INFORME**:

## ANTECEDENTES DE FEITO RELEVANTES

**PRIMEIRO.**- O Pleno da Corporación, na sesión que tivo lugar o día 27 de marzo de 2018, aprobou definitivamente a modificación do anexo de subvencións nominativas do orzamento prorrogado, acordando crear unha subvención nominativa prepagable de 57.484,50 euros a favor da Asociación cultural Pro Xunqueira e con destino a paliar o prexuízo que sufría dita asociación polo impago das facturas correspondentes á celebración das festas patronais dos exercicios 2015-2016.

**SEGUNDO.**-Alcaldía-Presidencia ditou unha resolución nº 266/2018 de data 3 de maio, pola que, logo de levantar o reparo do órgano interventor, ordeou o aboamento da subvención á entidade beneficiaria polo importe de 57.484,50 euros. Ao darlle á mesma o carácter de prepagable, concedíase á beneficiaria un prazo de tres meses para a xustificación da aplicación dos fondos. O aboamento da subvención foi executado mediante transferencia bancaria realizada o día 8 de maio de 2018

**TERCEIRO.**- Por Resolución da alcaldía Nº 336/2018 de data 7 de xuño aprobouse a conta xustificativa foi informada polo órgano interventor municipal, que de novo concluíu coa desconformidade e reparo suspensivo, reiterando informes anteriores e alertando que o importe que se pagou con respecto á entidade mercantil referida anteriormente non coincidía co contrato asinado, pois xa na conta xustificativa da subvención concedida o ano 2016 existía unha factura de 27.327,85 euros, polo que só quedarían pendentes de pago 22.282,15 euros.

**CUARTO:** Informe de control financeiro emitido pola Intervención xeral e Xestión económica financierira do servizo de ficalización e control financeiro da Deputación provincial da Coruña con NRE 202190000006251 de data 3 de novembro.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**PRIMEIRO.** As Administracións Públicas poderán impugnar ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativo os actos favorables para os interesados que sexan anulables conforme ao disposto no artigo 48 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, previa a súa declaración de lesividade para o interese público.

Son anulables os actos da Administración que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, incluso a desviación de poder. No entanto, o defecto de forma só determinará a anulabilidade cando o acto careza dos requisitos formais indispensables para alcanzar o seu fin ou dea lugar á indefensión dos interesados.



*A realización de actuacións administrativas fose do tempo establecido para elas só implicará a anulabilidade do acto cando así o impoña a natureza do termo ou prazo.*

**SEGUNDO.** *A Lexislación aplicable é a seguinte:*

— *Os artigos 47 a 52, 107 e seguintes Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*

— *Os artigos 21.1.l) e 22.2.k) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.*

— *Os artigos 43 e seguintes da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.*

**TERCEIRO.** *A anulabilidade dun acto non implicará a de os sucesivos no procedemento que sexan independentes do primeiro.*

*A anulabilidade en parte do acto administrativo non implicará a de as partes do mesmo independentes daquela, salvo que a parte viciada sexa de tal importancia que sen ela o acto administrativo non fose ditado.*

*Os actos nulos ou anulables que, con todo, conteñan os elementos constitutivos doutro distinto producirán os efectos deste.*

*O órgano que declare a nulidade ou anule as actuacións disporá sempre a conservación daqueles actos e trámites cuxo contido se mantivo igual de non haberse cometido a infracción.*

**CUARTO.** *O procedemento para levar a cabo a declaración de lesividade dun acto anulable é o seguinte:*

**A.** *Que por Resolución de Alcaldía se inicie o expediente para determinar se existe lesividade nos actos administrativos da Administración e demostrar o interese público:*

*Resolución nº 266/2018 de data 3 de maio*

*Resolución alcaldía Nº 336/2018 de data 7 de xuño*

*[Téñase en conta que o artigo 21.1.l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local establece que a iniciativa para propor ao Pleno a declaración de lesividade en materias da competencia da Alcaldía será do Alcalde e ao Pleno nas materias da súa competencia].*

**B.** *Que polos Servizos Xurídicos se emita informe con relación a se o acto administrativo obxecto do expediente vai en contra do Ordenamento xurídico vixente.*

**C.** *Que en cumprimento do artigo 107.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, porase de manifesto o expediente para que no prazo de entre dez e quince días os interesados aleguen e presenten os documentos que estimen pertinentes.*

**D.** *Que por Acordo do Pleno declárese a lesividade para o interese público do acto administrativo realizado e remítase á Xurisdición Contencioso-Administrativa para que proceda á anulación do mesmo, nun prazo de dous meses desde que se ditou o Acordo declarando lesivo o acto (artigo 46.5 da Lei 29/1998, de 13 de xullo).*

**E.** *A declaración de lesividade poderá adoptarse no prazo máximo de catro anos desde que se ditou o acto administrativo.*

**F.** *Transcorrido o prazo de seis meses desde a iniciación do procedemento sen que declarase a lesividade, producirase a caducidade do mesmo.*



## **QUINTO.-** Indica o informe de control financeiro emitido pola Deputación provincial:

*"(...) E de ningún xeito pode ter acomodo en tal concepto o acordo polo que unha administración, neste caso o CONCELLO DE CEE, asume destinar fondos públicos e transferilos a unha entidade privada para que esta proceda a saldar unha débeda contraída no desenvolvemento dunhas actividades festivas, por máis que as mesmas tiveran producido un efecto de interese social, pois non está entre as competencias municipais nin existe ningunha habilitación legal expresa para esta aplicación de fondos, polo que se ha de entender vedada para a administración, na vinculación positiva que esta ten ao Principio de legalidade en toda a súa actuación (artigo 103.1 CE, artigo 3.1 LRXSP).*

*(...) O informe desfavorable do órgano interventor á modificación orzamentaria do anexo de subvencións nominativas, manifestándose expresamente que "Esta intervención considera que non está entre as competencias municipais obrigatorias a de asumir o déficit de todas as entidades municipais que ó longo do tempo e das diversas actividades que se presten se veñen realizando xa que pode dar lugar á imposibilidade do Concello de facerlles fronte"*

*Asemade, considerando formalmente que a achega poidera ser unha subvención, dito órgano advirte do incumprimento do principio de imputación temporal dos gastos, ao habilitar con tal modificación orzamentaria a posibilidade de imputar ao orzamento de 2018 gastos correspondentes a exercicios anteriores, non estando este suposto entre as excepcións previstas no artigo 176.2 TRLRFL.*

*(...)malia aos sucesivos informes desfavorábeis e mesmo de reparo emitidos polo órgano interventor municipal (informe desfavorábel con motivo da aprobación inicial, informe desfavorábel á aprobación definitiva, vistas as alegacións presentadas, informe de reparo á solicitude de subvención emitido o día 25 de abril de 2018) a Alcaldía procedeu a ditar unha resolución pola que, logo de levantar o reparo suspensivo, se ordenaba o pagamento á entidade asociativa do importe de 57.484,50 euros, sendo materializado o mesmo mediante transferencia bancaria realizada o día 8 de maio de 2018*

*Unha vez recibidos os fondos, a entidade asociativa beneficiaria procedeu na mesma data a realizar o pagamento das dúas facturas expedidas pola entidade mercantil GALICIA ESPECTÁCULO DE NEGREIRA, SL., polos expresados importes de 49.610 e 7.874,50 euros<sup>5</sup>. Seguidamente, presentou os documentos xustificativos no Rexistro xeral do Concello<sup>6</sup>, achegando asemade outro escrito no que se solicita do Concello que se reintegre á asociación o importe de 1.289,22 euros, correspondentes aos gastos de notaría e aval bancario.*

*A conta xustificativa foi informada desfavorablemente polo órgano interventor municipal, emitíndose un detallado informe no que se puxeron de manifesto graves deficiencias na documentación achegada pola entidade asociativa no tocante ás subvencións concedidas e pagadas nos exercicios 2015 e 2016 (a xustificación destas subvencións non é obxecto deste control financeiro), ao non terse constancia de determinados ingresos nin da regularidade de todos os gastos e todos os ingresos. Asemade lembrábase a necesidade de formular convenios de colaboración coas entidades beneficiarias das subvencións nominativas. Polo exposto, emitiu informe de desconformidade con reparo suspensivo.*

*(...) Mais sen atender ao exposto no informe e sen requirir que se corruxiran as deficiencias apreciadas polo órgano interventor, a Alcaldía entendeu que a finalidade da pretendida subvención estaba debidamente acreditada coa presentación das dúas facturas a cuxo pagamento foi aplicado o seu importe, polo que dispuxo o levantamento do reparo, dando por debidamente xustificada a subvención e acordando a devolución do aval á entidade asociativa.*

*A resolución ditada foille notificada á entidade, rematándose así o expediente. Ao entender do*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



funcionario actuante, as actuacións administrativas que se veñen de relatar, foron gravemente lesivas para o interese municipal, ao terse disposto efectivamente de fondos públicos por importe de 57.484,50 euros con posibles infraccións do ordenamento xurídico aplicable, a saber:

- A configuración como subvención dunha achega de fondos que non ten tal carácter, tal como se explicou xa no fundamento de opinión anterior. Como vén explica o órgano interventor municipal nos seus informes, o Concello non pode asumir nin facer súa a débeda das entidades privadas, por moito que a súa actividade sexa de interese municipal. Neste caso, ademais, xa o Concello asumira o financiamento de parte dos gastos para o desenvolvemento das festas nos anos 2015 e 2016 concedendo e pagando as correspondentes subvencións, polos importes previamente fixados no anexo de subvencións á entidade asociativa encargada da organización das festas. Non existe previsión ningunha na LXS nin na LSG para proceder a incrementar o importe dunha subvención unha vez realizada a actividade e en función do resultado económico producido, pois tal regulación sería evidentemente contraria aos principios máis elementais que regulan o gasto público.
- A realización do pagamento da pretendida subvención sen a aprobación previa dun convenio no que se regulasen e se establecesen as obrigas da entidade beneficiaria, especialmente no tocante á declaración doutros ingresos, públicos ou privados, que se poideron obter para a mesma finalidade. Esta esixencia procedimental está prevista no artigo 28.1 LXS e 26 da LSG.
- A aprobación da conta xustificativa presentada sen que se tivesen emendado as graves deficiencias postas de manifesto no informe emitido polo órgano interventor municipal. En dito informe de desconformidade e con reparo suspensivo advertiuse de que coa xustificación da subvención pos-pagable de 2016, a entidade achegara unha factura de 27.327,85 euros, sen que constara máis contrato que o asinado polo importe de 49.610 euros, polo que restaría só por pagar 22.282,15 euros e non o que se factura.
- Por outra banda, con respecto á conta xustificativa do ano 2015, púxose de manifesto a falla dun ingreso de 3.000 euros polo liquidación dos coches de choque. Asemade apreciouse unha diferenza con respecto á subvención que se fixo constar en contas (23.006 euros) e a efectivamente pagada polo Concello (23.719 euros). Con todo, nos incumprimentos e irregularidades que se veñen de expor, non se aprecia causa de reintegro das previstas no artigo 37.1 LXS, nin conduta infractora ningunha por parte da entidade asociativa receptora dos fondos públicos, que se limitou a cumprir coas condicións impostas polo Concello, dándolle o destino previsto aos fondos e xustificalo documentalmente. Mesmo non tivo oportunidade de aclarar as eivas postas de manifesto polo órgano interventor con respecto ás contas de 2015 e 2016, ao non ser requirida para tal fin. Polo que unha vez cumprida a obriga de aplicar os fondos recibidos ao pagamento das facturas emitidas pola entidade mercantil acreedora, acordou a súa disolución, instando a baixa no rexistro de asociacións da Comunidade autónoma de Galicia.

Así as cousas, os vicios apreciados só poden atribuírse á actuación administrativa, mesmo ao terse aprobado a modificación orzamentaria improcedente, pero sobre todo ditando logo as resolucións de pagamento e aprobación da conta xustificativa, malia a existencia de claros informes de reparo polo órgano interventor municipal (a modificación orzamentaria en si mesma sería inocua de terse observado pola Alcaldía estes ditos informes, pois a modificación é un acto de planificación, que non crea dereito subxectivo ningún).

Atopámonos, xa que logo, con actos administrativos firmes, pois tanto a resolución pola que se aprobou o pagamento coma a posterior que aprobou a xustificación, ao teren producido efectos favorable para a entidade interesada. (...)"

**SEXO.-** De acordo co artigo 48 da lei 39/2015 do 1 de outubro, son anulables os actos da Administración que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, incluso a desviación de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)





poder, en concordancia co artigo 107 do mesmo texto legal, as Administracións Públicas poderán impugnar ante a orde xurisdiccional contenciosa-administrativo os actos favorables para os interesados que sexan anulables conforme o disposto no artigo 48, previa a súa declaración de lesividade para o interese público. Os actos administrativos obxecto de declaración de lesividade son:

Resolución nº 266/2018 de data 3 de maio  
Resolución alcaldía Nº 336/2018 de data 7 de xuño

Os motivos de infracción do ordenamento xurídicos son:

- A configuración como subvención dunha achega de fondos que non ten tal carácter, o Concello non pode asumir nin facer súa a débeda das entidades privadas, por moito que a súa actividade sexa de interese municipal. Neste caso, ademais, xa o Concello asumira o financiamento de parte dos gastos para o desenvolvemento das festas nos anos 2015 e 2016 concedendo e pagando as correspondentes subvencións, polos importes previamente fixados no anexo de subvencións á entidade asociativa encargada da organización das festas. Non existe previsión ningunha na LXS nin na LSG para proceder a incrementar o importe dunha subvención unha vez realizada a actividade e en función do resultado económico producido, pois tal regulación sería evidentemente contraria aos principios máis elementais que regulan o gasto público.
- A realización do pagamento da pretendida subvención sen a aprobación previa dun convenio no que se regulasen e se establecesen as obrigas da entidade beneficiaria, especialmente no tocante á declaración doutros ingresos, públicos ou privados, que se poideron obter para a mesma finalidade. Esta esixencia procedimental está prevista no artigo 28.1 LXS e 26 da LSG.
- A aprobación da conta xustificativa presentada sen que se tivesen emendado as graves deficiencias postas de manifesto no informe emitido polo órgano interventor municipal. En dito informe de desconformidade e con reparo suspensivo advertiuse de que coa xustificación da subvención pos-pagable de 2016, a entidade achegara unha factura de 27.327,85 euros, sen que constara máis contrato que o asinado polo importe de 49.610 euros, polo que restaría só por pagar 22.282,15 euros e non o que se factura.
- Por outra banda, con respecto á conta xustificativa do ano 2015, púxose de manifesto a falla dun ingreso de 3.000 euros polo liquidación dos coches de choque. Asemade apreciouse unha diferenza con respecto á subvención que se fixo constar en contas (23.006 euros) e a efectivamente pagada polo Concello (23.719 euros). Con todo, nos incumprimentos e irregularidades que se veñen de expor, non se aprecia causa de reintegro das previstas no artigo 37.1 LXS, nin conduta infractora ningunha por parte da entidade asociativa receptora dos fondos públicos, que se limitou a cumprir coas condicións impostas polo Concello, dándolle o destino previsto aos fondos e xustificalo documentalmente. Mesmo non tivo oportunidade de aclarar as eivas postas de manifesto polo órgano interventor con respecto ás contas de 2015 e 2016, ao non ser requirida para tal fin. Polo que unha vez cumprida a obriga de aplicar os fondos recibidos ao pagamento das facturas emitidas pola entidade mercantil acreedora, acordou a súa disolución, instando a baixa no rexistro de asociacións da Comunidade autónoma de Galicia.

## CONCLUSIÓN:

Á vista do exposto procede incoar o procedemento de declaración de lesividade para o interese público dos actos administrativos referidos polo que enténdese que devantidos actos son anulables, xa que incumpre co disposto no ordenamento xurídico, sen prexuízo doutras actuacións que poideran derivarse.

A Secretaria Municipal: Rocío Hermida Cancela.

A Interventora Municipal: Rosa M<sup>a</sup> Fernández Canosa.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE."



No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

**PRIMEIRO.- Incoar** o procedemento para declaración de lesividade para o interese público dos actos administrativos, que se detallan ao entenderse que son anulables por ser contrarios ao ordenamento xurídico, motivando dita incoación nos informes transcritos na parte expositiva:

→ **Resolución nº 266/2018 de data 3 de maio** pola que se resolve, entre outros extremos: Ordenar o aboamento á entidade Asociación Cultural Pro Xunqueira, con CIF G70333406, da subvención nominativa prepagable, polo importe de 57.484,50 €, para o pagamento dos gastos de exercicios anteriores, motivados pola festa da Xunqueira dos exercicios 2015 e 2016.

→ **Resolución alcaldía Nº 336/2018 de data 7 de xuño** pola que se resolve, entre outros extremos: Aprobar a xustificación do gasto, polo importe de 57.484,50 €, presentada pola Asociación Cultural Pro Xunqueira, con CIF G70333406, correspondente á subvención prepagable que lle foi concedida por acordo do pleno do Concello, de data 05/04/2018, para o pagamento das facturas correspondentes á celebración das festas patronais da Xunqueira dos exercicios 2015 e 2016 e Devolverlle á Asociación Cultural Pro Xunqueira o aval bancario da entidade Abanca, inscrito no Rexistro Especial de Avais co nº 367.154, constituído por importe de 57.484,50 €.

**SEGUNDO.-** En virtude do artigo 107 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **notificar** ao interesado/s directamente afectado/s pola declaración de lesividade dos actos administrativos, para que no prazo de quince días hábiles, alegue/n e presente/n cantos documentos e xustificacións estimen pertinentes.”

**Resultando** que dito acto administrativo foi notificado a ASOCIACIÓN CULTURAL PRO XUNQUEIRA (como Presidente FRANCISCO BREA BEIRO) o 29 de novembro de 2021, outorgándolle un prazo de quince días hábiles, para que alegara e presentase cantos documentos e xustificacións estimase pertinentes.

**Considerando** o informe emitido polo encargado do rexistro da Corporación en data 29 de decembro de 2021, que literalmente se transcribe, conforme o cal o interesado non presenta alegación algunha:

“FRANCISCO JAVIER LANDEIRA RIAL, funcionario auxiliar administrativo, encargado do rexistro xeral de documentos do Concello de Cee:

INFORMO QUE:

Examinado o rexistro xeral de documentos, informatizado dende 01/01/1998, cabe sinalar en relación ao asunto: INCOACIÓN PROCEDUREMTO PARA DECLARACIÓN DE LESIVIDADE DOS ACTOS ADMINISTRATIVOS: RESOLUCIÓN ALCALDÍA Nº 266/2018 DE DATA 3 DE MAIO E RESOLUCIÓN ALCALDÍA Nº 336/2018 DE DATA 7 DE XUÑO, expte decreto 2021/G003/001283, notificado a Asociación Cultural Pro Xunqueira (Pte Francisco Brea Beiro), número de rexistro de saída 20210000003658, de data 24/11/2021, no prazo para a presentación de documentación e xustificacións pertinentes, do 30/11/2021 ao 22/12/2021, ámbalas datas inclusive, **non consta no rexistro ningún asento que faga referencia á cuestión que se formula.**

Para que así conste, aos oportunos efectos, firmo o presente.

Asdo. Francisco Javier Landeira Rial  
[documento asinado dixitalmente]”

Realizada a tramitación legalmente establecida **PROPOÑO** ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO. A Declaración de lesividade** para o interese público dos actos administrativos, que se detallan, ao entenderse que son anulables por ser contrarios ao ordenamento xurídico, motivando dita



incoación nos informes transcritos, na Resolución da Alcaldía Nº 1191/2021:

→ **Resolución nº 266/2018 de data 3 de maio** pola que se resolve, entre outros extremos: Ordenar o aboamento á entidade Asociación Cultural Pro Xunqueira, con CIF G70333406, da subvención nominativa prepagable, polo importe de 57.484,50 €, para o pagamento dos gastos de exercicios anteriores, motivados pola festa da Xunqueira dos exercicios 2015 e 2016.

→ **Resolución alcaldía Nº 336/2018 de data 7 de xuño** pola que se resolve, entre outros extremos: Aprobar a xustificación do gasto, polo importe de 57.484,50 €, presentada pola Asociación Cultural Pro Xunqueira, con CIF G70333406, correspondente á subvención prepagable que lle foi concedida por acordo do pleno do Concello, de data 05/04/2018, para o pagamento das facturas correspondentes á celebración das festas patronais da Xunqueira dos exercicios 2015 e 2016 e Devolverlle á Asociación Cultural Pro Xunqueira o aval bancario da entidade Abanca, inscrito no Rexistro Especial de Avais co nº 367.154, constituído por importe de 57.484,50 €.

**SEGUNDO. Interpor recurso** ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, que por turno corresponda, en un prazo máximo de dous meses **e nomear** a calquera letrado asesor xurídico da Excm. Deputación Provincial da Coruña, para tal efecto.

**TERCEIRO. Notificar** ao interesado, comunicándolle que contra a citada declaración de lesividade non caberá interpor recurso contencioso-administrativo posto que os efectos da mesma son puramente procesuais xa que se trata dun acto de trámite previo a un proceso xurisdiccional, sen prexuízo do seu exame como orzamento procesual de admisibilidade da acción no proceso xudicial correspondente

**CUARTO. Facultar** a Sra alcaldesa para a execución do presente Acordo.

Asinado dixitalmente ao marxe.  
Alcaldesa do Concello de Cee.  
Margarita Lamela Louzán.”

**Sométese á votación a Proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 3 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Mixto, 2 votos en contra do grupo político IXCee e 3 abstencións dos grupos políticos PP e BNG.**

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.”

## INTERVENCIÓNS

Intervén a Sra alcaldesa: ya conocen la propuesta, este procedimiento se inicia a raíz del plan de control financiero por parte de la diputación con relación a esta subvención, alguna intervención?  
Non se producen intervencións

## VOTACIÓNS

**Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada por unanimidade dos cinco concelleiros/as asistentes á sesión plenaria.**

## B) PARTE DE NON RESOLUTIVA DE CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.

### 6. Dar conta de Resolucións da Alcaldía para coñecemento:

#### I. Da Resolución da alcaldía Nº 1224/2021 á 1313/2021 e da 1/2022 a 67/2022

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Quedan enterados/as

## **7. Dar conta:**

- **Da MEMORIA DA ALCALDIA co fin de dar cumprimento ao artigo 12 de plan estratéxico de subvencións 2020/2021 aprobado polo Pleno da Corporación. Expediente Nº: 2021/X999/000069.**

Quedan enterados/as.

- **Período Medio de Pago 4 Trimestre 2021**

Quedan enterados/as.

- **MOROSIDADE 4 Trimestre 2021**

Quedan enterados/as.

## **8. Mocións de urxencia.**

Non se producen.

## **9. Rogos e preguntas.**

Non se producen.

Ás 20:08 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

A secretaria, Rocío Hermida Cancela

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán